

# Boas Novas

Xornal do CEIP Barrié da la Maza Santa Comba

30 de xaneiro de 2019

## No Barrié reciclamos

### Cada vez reciclamos máis e mellor!

Ao longo deste curso os alumnos e alumnas de 1º e 2º de primaria participamos no programa “**RECÍCLATE CON SOGAMA**”.



Todos somos conscientes do dano que estamos a ocasionar ao noso planeta, xa que xeramos moito refugallo e por iso neste curso propuxémonos por en práctica as 3R: **Reducir, Reciclar e Reutilizar**.



Para acadar o noso obxectivo procuramos consumir de forma responsable, darlle unha segunda oportunidade as cousas antes de tiralas ao contedor e tamén separar o lixo. para tiralo no contedor correspondente.

A partir do noso proxecto, conseguimos algo moi importante: todo o colexio decidiu sumarse a nosa iniciativa.

Para iso todas as aulas van a contar con tres papeleiras de diferente cor para a recollida do lixo e nos corredores teremos contedores grandes



No cole xa conseguimos algo, agora temos que intentalo tamén nas nosas casas, explicándolle todo o que aprendemos con este proxecto.



O noso propósito é conseguir **UN MUNDO MELLOR E FOMENTAR O RESPECTO POLA NATUREZA**.